

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 9 DE FEBREIRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de febreiro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 2 de febreiro do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º.- CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **don Antonio Fernández Pérez** con domicilio na Travesía da Oliveira nº 7-2º, Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmobile sito na Travesía da Oliveira nº 7-2º, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

2º.- Escrito de don Roberto Guerrero Meleiro en representación de Escudería Augas Termiais de Cortegada de data 02.02.09 con nºRE 1008 solicita que se lle conceda unha subvención-prestación de 1000€.

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local por unanimidade dos seus membros acorda denegar a solicitude de subvención posto que non está prevista como nominativa no orzamento sen perxuízo da posibilidade de ofrecer os medios técnicos e humanos necesarios para a realización deste evento na medida do posible.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito do Xdo. Contencioso Admvo. Nº1 de Ourense de data 04.02.09 e nºRE 1056 no que solicitan a remisión de máis documentación en referencia ao exp. Administrativo nº35/08 no prazo de dez días.

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local por unanimidade dos seus membros acorda remitir o expediente o Xdo. Contencioso admvo nº1 de Ourense.

2º.- Escrito do Servizo social penitenciario de data 04.02.09 e nºRE 1060 na que propoñen a realización de 22 xornadas de traballos en beneficio da comunidade neste concello a un particular.

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local por unanimidade dos seus membros acorda o horario das xornadas que será de 8:00 a 14:30h de luns a venres e adscrito o servizo de xardinería.

3º.- Escrito do Servizo social penitenciario de data 05.02.09 e nºRE 1106 relativo a 22 xornadas de traballos por un particular en beneficio da comunidade neste concello.

4º.- Escrito da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil de data 28.01.09 con nº RE 850 comunicando a recepción de expediente de autorización para as obras de acondicionamento dun campo de fútbol na zoa de policía da marxen dereita do río Avia no Xestal-Ribadavia.

5º.- Resolución da Condederación Hidrográfica do Miño-Sil de data 23.01.09 con nº RE 736 determinando o canon de control de vertidos complementario para E.D.A.R. , relativo ao exp. CCV1/32/00120 por importe de 71,14€.

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local por unanimidade dos seus membros acorda remitir o expediente a Aqualia.

6º.- Escrito do Xdo. Do Social nº1 de Ourense de data 07.02.09 con nº RE 1144 remitindo cédula de citación y notificación providencia de data 4.02.09 en relación ca demanda (nº 94/2009) de Francisco Javier Pérez Martínez.

7º.- Escrito do Ministerio do Interior, Xeratura provincial de tráfico de Ourense de data 19.01.09 con nº RE 534 solicitando para estudio estadístico da evolución clínica de feridos graves en accidentes de circulación colaboración da Policía Local para recabar información relativa a identificación de accidentados e Hospital ao que foron trasladados.

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local por unanimidade dos seus membros acorda dar traslado ao servizo de Protección Civil para que suministre dita información.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBADAVIA E AS EMPRESAS NAUTA SPORTWEAR E JOSÉ LUIS DEPORTE.

Dase conta por parte do secretario do convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e as empresas Nauta Sportwear e José Luis Deporte.

O Concello deberá fomentar e facilitar entre os usuarios das instalacións deportivas de Ribadavia a adquisición de produtos deportivos nas empresas anteriormente mencionadas. As empresas Nauta Sportwear e José Luis Deporte realizarán un desconto do 10% a todos os socios do polideportivo municipal de Ribadavia, a cambio de que o servizo municipal de deportes facilitará as mencionadas empresas un espazo para colocación de publicidade.

Deliberado sobre o particular a Xunta de goberno local por unanimidade dos seus membros acorda aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e as empresas Nauta Sportwear e José Luis Deporte.

APROBACIÓN DE PROXECTO.-

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto de “*Mellora de Infraestructuras nas parroquias de San Paio, Santo André, Francelos, Franqueirán e Prexigueiro*” redactado polo arquitecto don Manuel Cameáns Rodríguez con un presuposto de execucion material de 98.410,31€ e cun total de presuposto de execucion de contrata de 135.845,59€.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Acta de replanteo de data 26 de xaneiro do 2009 e realizada polo arquitecto don Manuel Cameáns Rodríguez.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a aprobación do proxecto “*Mellora de Infraestructuras nas parroquias de San Paio, Santo André, Francelos, Franqueirán e Prexigueiro*” a don Manuel Cameáns Rodríguez por importe de 135.845,59€ .

CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.-

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado sen publicidade “*Mellora de Infraestructuras nas parroquias de San Paio, Santo André, Francelos, Franqueirán e Prexigueiro*”.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Proxecto de data xaneiro do 2009 denominado “*Mellora de Infraestructuras nas parroquias de San Paio, Santo André, Francelos, Franqueirán e Prexigueiro*”, elaborado polo arquitecto don Manuel Cameáns Rodríguez.

2º- Proposta de alcaldía de data 23.01.09 en cumprimento do art. 22 da Lei 30/2007.

3º- Acta de replanteo de data 26 de xaneiro do 2009 e realizada polo arquitecto redactor don Manuel Cameáns Rodríguez.

4º- Informe de Secretaría de data 23.01.09 no que se fan as seguintes consideracións:

1ª. De conformidade cos artigos 107 e 126 e seguintes da Lei de Contratos , no expediente debe constar o correspondente proxecto que en determinados casos se poderá simplificar de acordo co art. 107.2º de Lei 30/2007, pero que en ningún caso se poderá substituír o proxecto por unha memoria. Consta a correspondente acta de replanteo de data 15.09.08 comprobando a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos para a súa execución.

2ª. No expediente consta o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que cumpre os requisitos da normativa contractual, a xuízo desta Secretaría.

3ª. Antes da adopción do acordo polo órgano competente, procede á emisión de informe de existencia de consignación orzamentaria, sen prexuízo da fiscalización de legalidade por parte da Intervención municipal de acordo co art. 93 da Lei 30/2007.

4ª. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para proceder á aprobación do expediente de contratación conforme ao establecido no Decreto de Delegación de competencias de Alcaldía en Xunta de Goberno.

5ª. Unha vez aprobado o expediente de contratación, procederase á invitación de tres empresas sen que sexa necesaria a publicación nos BO pertinentes de conformidade co artigo 161.2º ao ser o contrato de cuantía inferior a 200.000 euros., e sen perxuízo da publicación do artigo 126.4º.

6ª- De conformidade co art. 295 paragrafo 1º nos procedementos negociados que esixan publicidade será preceptiva a constitución da mesa de contratación, polo cal no caso concreto é potestativa.

7ª. En principio procedería á publicación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de conformidade co artigo 122 do T.R.R.L. en relación coa STS de 22-06-04, non obstante, a nova Lei 30/2007 deroga expresamente o art. 122 do TRRL de xeito que os pregos non son obxecto de publicación

CONCLUSIONES.-

Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no referido á inclusión da correcta documentación no expediente de contratación.

5º- Informe de intervención de data 06.02.09 no que se fan as seguintes consideracións:

“Consta Resolución de aprobación del proyecto del Secretario de Estado de Cooperación Territorial de fecha 07.01.09. Dicha autorización establece expresamente autorización para la financiación con los recursos del Fondo Estatal de Inversión Local, de acuerdo con el Real Decreto-Ley 9/2008, de 28 de noviembre.

De acuerdo con el referido Decreto, le corresponde al Ayuntamiento de Ribadavia con cargo al Fondo Estatal de Inversión Local, la cantidad de 953.967 euros. Respecto al proyecto objeto del presente informe, la cantidad asciende a 135.845,59 euros.

Deberá tramitarse expediente de generación de créditos, por importe referenciado con cargo a compromisos firmes de Administraciones Públicas para financiar gastos que por su naturaleza son competencia de esta Administración Municipal.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, se informa favorablemente con la salvedad señalada anteriormente.”

6º.- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 09.01.09.

7º.- Informe da arquitecta técnica municipal no que se fan as seguintes consideracións:

O citado Proxecto está redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Manuel Cameáns Rodríguez.

As obras que se pretenden afectan a varios núcleos do concello de Ribadavia e son:

- * **PAVIMENTACIÓN DE RÚAS EN FRANCELOS: Execución de pavimento de mestura bituminosa tipo D-12, de 4 cm. de espesor, previa eliminación do pavimento de formigón e de mestura bituminosa existente, na rúa do Pouso, rúa Lucía e rúa Cano.**
- * **ILUMINACIÓN DE PARQUE EN SAN PAIO: Instalación de 24 columnas, de 3,20 m. de altura, realizadas en fundición e equipadas con luminarias de vapor de sodio de 150 w; e instalación de 5 proxectores de 250 w na zona deportiva; incluso canalizacións soterradas.**
- * **ALUMEADO EN SANTO ANDRÉ: Instalación de 3 postes de formigón, de 10 m. de altura, e 4 luminarias IMR, coa seu correspondente cableado e conxionado.**
- * **ALUMEADO EN PREXIGUEIRO: Instalación de 2 postes de formigón, de 10 m. de altura, e 3 luminarias IMR, coa seu correspondente cableado e conxionado.**
- * **PAVIMENTACIÓN DE DOUS CAMIÑOS EN PREXIGUEIRO: O camiño situado ó norte da estrada e acceso á Ribadavia, actualmente de pavimento de terra, con 256 m. de lonxitude e 3,20 m. de anchura, pavimentarase con formigón de 10 cm. de espesor, previa nivelación e compactación. O camiño situado ó sur da citada estrada, de 32 m. de lonxitude e 4,50 m. de anchura, pavimentarase con móbile tratamento superficial, previo bacheo nas zonas máis degradadas.**
- * **MURO EN FRANQUEIRÁN: Execución de muro de gravidade para a contención de terras, de 4,5 m. de altura e 27 m. de largo, mediante mampostería ordinaria, de sección variable con 3,50 m. de espesor na base e 1,00 m. na coroación; sobre zapata de formigón armado de 3,50 m. de base e 0,70 m. de altura.**

Respecto da PAVIMENTACIÓN DE RÚAS EN FRANCELOS:

As rúas obxecto da presente actuación, rúa do Pouso, rúa Lucía e rúa Cano, atópanse incluídas dentro da Delimitación do PEPRI, tanto nas NNSSMPP como no documento de Aprobación Inicial do PXOM.

Dado que se tratan de obras de renovación de pavimentos en viales xa existentes, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Sen embargo, en atención as características singulares da zona de actuación, Casco Antigo, o pavimento proxectado, de mestura bituminosa, considerase que non responde a ningún modelo tradicional nin é coherente có entorno no que se actúa; todo elo en base ó artigo 104. Adaptación ó ambiente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Respecto da ILUMINACIÓN DE PARQUE EN SAN PAIO:

O área obxecto da presente actuación, Parque de San Paio, atópase clasificada como Solo Dotacional tanto nas NNSSMMPP como no documento de Aprobación Inicial do PXOM.

Dado que se tratan de obras de execución de infraestruturas de alumeadado público nun espazo libre xa existente, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Respecto do ALUMEADO EN SANTO ANDRÉ:

A rúa obxecto da presente actuación atópase incluída dentro do Solo de Núcleo Rural tanto nas NNSSMMPP como no documento de Aprobación Inicial do PXOM.

Dado que se tratan de obras de execución de infraestruturas de alumeadado público nun vial xa existente, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Respecto do ALUMEADO EN PREXIGUEIRO:

Aínda que o documento das NNSSMMPP presenta a deficiencia de carencia de planimetría do núcleo de Prexigueiro, polas características da rúa obxecto da presente actuación pódese informar que se atopa incluída dentro do Solo de Núcleo Rural, tal e como se refrexa no documento de Aprobación Inicial do PXOM.

Dado que se tratan de obras de execución de infraestruturas de alumeadado público nun vial xa existente, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Respecto da PAVIMENTACIÓN DE DOUS CAMIÑOS EN PREXIGUEIRO:

Aínda que o documento das NNSSMMPP presenta a deficiencia de carencia de planimetría do núcleo de Prexigueiro, polas características das rúas obxecto da presente actuación pódese informar que se atopan incluídas dentro do Solo de Núcleo Rural, tal e como se refrexa no documento de Aprobación Inicial do PXOM.

Dado que se tratan de obras de renovación de pavimentos en viales xa existentes en viais xa existentes, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Respecto do MURO EN FRANQUEIRÁN:

O área obxecto da presente actuación atópase incluída dentro do Solo de Núcleo Rural tanto nas NNSSMMPP como no documento de Aprobación Inicial do PXOM.

Dado que se tratan de obras de infraestrutura en viales xa existentes en viais xa existentes, sen modificación das súas rasantes nin alineacións, considerase que están exentas da suspensión de Licenzas inherente á aprobación inicial do PXOM.

Sen embargo, o muro proxectado de 4,5 m. de altura e 27 m. de largo, mediante mampostería ordinaria, aparenta ser un elemento moi contundente para o medio rural no que se vai situar; enténdese que parecería máis coherente a contención de terras mediante a utilización dalgún sistema de “muro verde”, que permita un menor impacto visual e unha maior integración ó ambiente no que se sitúa; todo elo en base ó artigo 104. Adaptación ó ambiente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Por outro lado, na execución das distintas actuacións que se proxectan, deberanse cumprir as condicións sinaladas na Normativa de Barreiras Arquitectónicas: Lei 8/ 1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras Arquitectónicas e Regulamento de Eliminación de Barreiras, no referido á colocación de sinalización, mobiliario urbano e todos os demais elementos de urbanización.

O Presuposto de Execución Material ascende á cantidade de 98.410,31 € (noventa e oito mil catrocentos dez euros con trinta e un céntimos). O Presuposto de Contrata ascende á cantidade de 135.845,59 € (cento trinta e cinco mil oitocentos corenta e cinco euros con cincuenta e nove céntimos).

O prazo de execución que se estima no Proxecto Técnico é de 6 (seis) meses

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P..

2º.- Aprobar un gasto por importe de 135.845,59€ .

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas e publicación no perfil do contratante.

4º.- Deberán terse en conta na execución das obras os condicionantes técnicos reflectidos no informe da arquitecto dona Mercedes Álvarez López, que son os seguintes:

a) Respecto da PAVIMENTACIÓN DE RÚAS EN FRANCELOS:

Sen embargo, en atención as características singulares da zona de actuación, Casco Antigo, o pavimento proxectado, de mestura bituminosa, considerase que non responde a ningún modelo tradicional nin é coherente có entorno no que se actúa; todo elo en base ó artigo 104. Adaptación ó ambiente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Así a execución do pavimento deberá responder a un modelo tradicional e deberá ser coherente co entorno no que se actúa.

b) Respecto do MURO EN FRANQUEIRÁN:

Sen embargo, o muro proxectado de 4,5 m. de altura e 27 m. de largo, mediante mampostería ordinaria, aparenta ser un elemento moi contundente para o medio rural no que se vai situar; enténdese que parecería máis coherente a contención de terras mediante a utilización dalgún sistema de “muro verde”, que permita un menor impacto visual e unha maior integración ó ambiente no que se sitúa; todo elo en base ó artigo 104. Adaptación ó ambiente da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

ADXUDICACION PROVISIONAL DA OBRA DENOMINADA “ACONDICIONAMENTO DE CEMENTERIO DE SAN CRISTOBAL”

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade a obra “ACONDICIONAMENTO DE CEMENTERIO DE SAN CRISTOBAL”, segundo proxecto redactado polas arquitectas

Dona Mercedes Álvarez López e dona Begoña Arregui Rodríguez , e con data de acta de replanteo de 19 de xaneiro do 2009 .

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó dezanove de xaneiro de 2009, mediante a fórmula de procedemento negociado sen publicidade e presentando oferta as seguintes empresas: INSTALVAZ OURENSE, S.L; CONSTRUMAR, S.C.; MILCONS, S.L..

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura das mesmas mediante a constitución da mesa de contratación celebrada o día 9 de febreiro as 10:00h., da que se desprende o seguinte:

“Procédese a comprobar a documentación contida no sobre A das empresas presentadas que son: INSTALVAZ OURENSE, S.L; CONSTRUMAR, S.C. e MILCONS, S.L, cumprindo esta última a documentación presentada que cumpre os requisitos previstos na cláusula nº13 do Prego de cláusulas administrativas particulares e excluíndose o resto das empresas dado que non presentan documentación que non se considere subsanable.

Posteriormente procédese a apertura do sobre B da empresa MILCONS, S.L, comprobándose que presenta as seguintes características na súa oferta: Presenta unha oferta económica por importe de 59.985,93€, redución do prazo de execución que no prego é de 3 meses e na oferta de 43 días polo cal se lle da unha puntuación de 1 pto., e melloras consistentes na realización dunha fonte ou unha marquesiña no camiño de acceso ao cemiterio por un importe máximo de execución por contrata valorado en 2000€.

Comprobada a documentación esixible nos sobres A e B de documentación administrativa a mesa de contratación propón a Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato da obra “Acondicionamento do cemiterio de San Cristovo” á empresa MILCONS, S.L. por ser a que presenta oferta máis ventaxosa de conformidade cos criterios previstos no prego de cláusulas administrativas particulares.”

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade os seguintes acordos:

1-Adxudicar provisionalmente a obra denominada “ACONDICIONAMENTO DE CEMENTERIO DE SAN CRISTOBAL”, a empresa MILCONS, S.L., con domicilio na Rúa Tomás de Lemos nº8-2º, Ribadavia.

2-O abxudicatario presentara unha fianza definitiva por importe de 2.999,30 € na tesourería municipal, en calqueira das formas admitidas en dereito, no prazo de 5 días hábiles a partir da recepción do acordo.

3-A formalización do contrato realizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de abxudicación definitiva, facultándose ao Sr Alcalde para a sinatura do mesmo.

4- Antes do inicio das obras deberá presentarse a acta de comprobación do replanteo ademais de aprobarse o Plan de seguridade e saúde.

OUTORGAMENTO LICENCIA DE APERTURA.-

“Visto o escrito de don Roberto Mayán Lago, onde solicita Licenza de Obras e actividade para para acondicionamento de local e centro de formación e dinamización, segundo Proxecto Técnico que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 03.02.09 no que se fan as seguintes consideracións:

ANTECEDENTES:

09.09.08.....Solicitante: Solicitud de Licenza de Obras e Licenza de Apertura segundo “*Proxecto de Acondicionamento de local e actividade para centro de formación e dinamización*”, redactado polo arquitecto técnico D. Juan Carlos Vázquez Gómez.

02.10.07.....RIB/N/77/08: Remisión Sanidade.

20.10.08.....Sanidade Informe Favorable.

03.11.08.....RIB/N/77.1/08 Informe técnico solicitando documentación e cumprimento da normativa do PEPRI.

15.12.08.....Comisión Seguimento Aprobación Informe técnico RIB/N/77.1/08.

INFORME:

O citado “*Anexo ó Proxecto*” que se presenta está redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Juan Carlos Vázquez Gómez, técnico redactor do “*Proxecto de Acondicionamento de local e actividade para centro de formación e dinamización*”, estando o seu cargo a Dirección da Execución Material das Obras, non constando a designación de técnico coordinador en materia de seguridade e saúde en fase de execución.

* SITUACIÓN E CONDICIÓN URBANÍSTICAS:

CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA:

Trátase dun local situado na planta baixa dunha edificación incluída dentro do Solo Urbano Consolidado.

CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA:

Nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais inclúese a edificación dentro da delimitación da Zona de Protección do Casco Histórico, polo que é de aplicación, ademais da Ordenanza 4.1. RC Residencial Cerrada, que aparece grafada no Plano de Ordenación, a Ordenanza CU: Conxunto Urbano en Conservación Parcial de Carácter.

No Proxecto presentado cúmprese a normativa urbanística respecto do uso que se pretende, de centro de formación e dinamización.

Por outro lado, dada a citada ubicación dentro da delimitación da Zona de Protección do Casco Histórico, é tamén de aplicación o fixado no Título XII.-Zona de Protección das Ordenanzas do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (P.E.P.R.I.), e a súa Modificación Puntual aprobada con data de 26 de febreiro de 2004.

Na actualidade está en fase de Aprobación Inicial o Plan Xeral de Ordenación Municipal, sen embargo, dado que se trata de obras de acondicionamento dun local de planta baixa dun edificio xa existente, que non conlevan modificación do volume existente e que o uso que se pretende atópase admitido nas dúas normativas urbanísticas, enténdese que a actuación que se pretende non está afectada pola suspensión de Licenzas inherente a Aprobación Inicial do P.X.O.M.

* CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO:

DATA DE VISADO DO PROXECTO TÉCNICO: 27 de agosto de 2008.

DATA DE VISADO DO ANEXO Ó PROXECTO TÉCNICO: 27 de xaneiro de 2009.

O local que se pretende adaptar conta cunha superficie construída total de 144,28 m², e unha superficie útil total de 132,62 m², sendo as superficies útiles das distintas dependencia as seguintes:

Entrada.....	4,62 m ²
Zona de espera.....	5,01 m ²
Dinamizador.....	10,19 m ²
Zona de formación.....	55,79 m ²
Aseo 1.....	3,78 m ²
Aseo 2.....	3,78 m ²
Vestíbulo.....	2,70 m ²
Sala de reunións.....	15,90m ²
Cuarto limpeza.....	2,20 m ²
Almacén.....	18,03 m ²

O Prazo de Execución estimado no Proxecto é de tres (3) meses.

O Presuposto de Execución Material que se estima no Proxecto presentado é de 62.154,53 € (sesenta e dous mil cento cincuenta e catro euros con cincuenta e tres céntimos).

No Anexo presentado, dáse cumprimento ó solicitado pola Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I. de data de 15 de decembro de 2008.

Por todo elo, infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras e Licenza de Actividade solicitadas, debéndose aportar, antes do inicio das obras, o Oficio de designación do técnico coordinador en materia de seguridade e saúde en fase de execución.

O prazo de inicio das obras é de un (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

Visto o Informe Xurídico no que se fan as seguintes consideracións:

1.-A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

2.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou cerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984). Ademais a STS do 21/02/84 entende que son obras maiores as que afecten a estrutura do inmovible.

3.- En base a argumentación exposta, en principio a licenza para condicionamento de local e actividade para centro de formación e dinamización, trátase dunha obra maior que precisa de proxecto técnico.

4.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licenza de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenza urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licenza urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

Por tanto aos efectos de eliminar calqueira posible responsabilidade patrimonial da administración, de acordo cos art. 139 e seguintes da Lei 30/92 de Procedemento administrativo común, parecería oportuno resolver previa ou no seu caso simultaneamente sobre a licenza de apertura, con preferencia sobre a de obras, posto que de resolver favorablemente a licenza de obras denegando posteriormente o outorgamento de licenza de apertura produciríase un perxuízo para o particular derivado do actuar administrativo, do que a administración sería directamente responsable.

5.- De conformidade co art. 4.1 e 3.1 da Ordenanza residencial cerrada ampararía o uso de centro de formación e dinamización entendendo o mesmo como dotacional de acordo coa definición contida no 2.8.1 das Normas subsidiarias de planeamento.

Así mesmo en canto as condicións estéticas serán de aplicación o art. 90 do PEPRI que establece que éstas serán as mesmas que as establecidas para o conxunto histórico polas presentes ordenanzas, é dicir, as contidas nos art. 45 e seguintes da citada norma.

6-A actividade non esta incluída dentro do anexo 1 do Decreto 133/2008 e do informe técnico non se extrae que se den as condicións do anexo 2, polo que non está sometida ao procedemento de avaliación ambiental.

7- Por último como se desprende do informe da arquitecto de data 3.02.09 a actuación que se pretende realizar non está afectada pola suspensión de licenzas.

CONCLUSIÓNS

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza de apertura a **don Roberto Mayán Lago**, dunha actividade para centro de formación e dinamización na Rúa Redondela, 4-baixo, desta vila, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 304,81 euros.

Segundo.- Conceder licencia de obra para acondicionamento de local a don Roberto Mayán Lago, que deberá aboar polo concepto de instalacións, construcións e obras o importe de 1616,01€ .

Terceiro.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Cuarto.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: centro de formación e dinamización

Contía na que se orzan as obras: 62.154,53 €.

Situación e emprazamento das obras: Rúa Redondela nº4- baixo

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: Don Juan Carlos Vázquez Gómez.

Nome ou razón social do promotor: Fundación para o fomento da calidade industrial e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 62.154,53 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de 1616,01€ a ingresar.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras, para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primero.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

CATOURE S.L., servicios de asistencia técnica na recadación do periodo outubro-diciembre 2007, por importe de 5.470,75 euros.

CATOURE S.L., servicios de asistencia técnica na recadación do periodo xaneiro-marzo 2008, por importe de 7.197,15 euros.

CATOURE S.L., servicios de asistencia técnica na recadación do periodo abril 2008, por importe de 10.560,28 euros.

CATOURE S.L., servicios de asistencia técnica na recadación do periodo agosto 2008, por importe de 7.054,47 euros.

CATOURE S.L., servicios de asistencia técnica na recadación do periodo setembro 2008, por importe de 7.054,47 euros.

SOGAMA, servicios de tratamento de residuos sólidos urbanos na planta de Beade, mes de agosto 2007, por importe de 10.541,53 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-las memorias denominadas "Grupo Municipal de Intervención Rápida", "Grupo Municipal de Infraestructuras viarias rurais", "Grupo Municipal de desenvolvemento de iniciativas culturais", "Grupo Municipal de Apoio Casa de Cultura", "Grupo Municipal de Acondicionamento e adecentamentos de espazos públicos", "Grupo Municipal de mantemento e reposición de mobiliario urban, xardíns e areas recreativas", "Grupo de Apoio as Actividades da Escola deportiva municipal", "Grupo municipal de mantemento, conservación e labores de auxilio na piscina municipal", "Grupo municipal de Apoio as actividades do servizo de Urbanismo do Concello", "Grupo Municipal de apoio os servizos de información turística", "Grupo Municipal de Apoio os servizos administrativos do Concello", "Grupo Municipal de apoio os servizos sociais do Concello", "Grupo Municipal apoio o departamento de promoción económico", "Grupo de Apoio ao Acondicionamento, mantemento e rehabilitación do contorno rural", "Grupo de limpeza viaria", "Grupo de Apoio a servizos de fontanería e electricidade", "Grupo de Apoio a Policía Local", "Grupo de Apoio para Xogoteca" e "Grupo de Apoio Oficina municipal de Información Xuvenil", ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 29 de decembro de 2008, da Consellería de Traballo, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos Programas de Cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, dos asistentes toma coñecemento das s circulares que de seguido transcribense, dictadas seguindo instrucción da Intervención municipal, relativas a procedementos para a adquisición de calquera suministro a partir do 1 de febreiro pasado:

PRIMEIRA.-

C I R C U L A R

Seguindo as recomendacións da Intervención Municipal a partir do 1 de febreiro do 2009 para adquirir calquera tipo de subministracións, con cargo ós fondos municipais deberán terse en conta as presentes instrucións:

1.- O responsable de cada servizo deberá presentar no Concello proposta de compra (que deberá ser aprobada polo órgano municipal competente: Alcaldía ou Xunta de Goberno, segundo as contías ou ben requerirá o visto e prace do concelleiro responsable da respectiva área). A devandita proposta virá valorada, describirá os materiais necesarios, o destino a que se adicarán e o establecemento no que se adquirirán (cando non sexa necesario procedemento de contratación previo). No caso de avarías que precisen urxente reparación non será necesario facer proposta de compra previa, pero sí xustificar posteriormente a urxencia. A Intervención Municipal informará antes de autoriza-lo gasto sobre a existencia de crédito orzamentario.

2.- A proposta de compra, unha vez autorizada, será documentada con albarán ou nota de entrega que será conservada polos servizos municipais ata que se produza o informe da factura. Realizado este trámite procederase o seu arquivo.

3.- O informe das facturas de materiais funxibles (lámparas, materiais constructivos, de limpeza, etc...) conterá necesariamente o destino dado os materiais adquiridos.

4.- Os encargados de efectuaren as compras indicarán ós subministradores que deberán emitir factura por duplicado exemplar que será remitida ó Concello, indicando nela a domiciliación do aboamento en entidade bancaria ou Caixas de Aforro que será o mecanismo normal de aboamento.

5.- Todalas áquelas adquisicións que se realicen sen suxeitarse o procedemento establecido non serán aboadas abríndose o correspondente expediente para tratar de depurar as correspondentes responsabilidades.

6.- O ámbito destas instrucións comprende todo tipo de materiais, incluído o material de oficina preciso para o funcionamento normal dos servizos”.

SEGUNDA.-

C I R C U L A R

Seguindo as recomendacións da Intervención Municipal a partir do 1 de febreiro do 2009 para adquirir calquera tipo de subministracións, con cargo ós fondos municipais deberán terse en conta as presentes instrucións:

1.- Para poder facer as subministracións, as empresas deberá ter no seu poder a correspondente Orde de compra, a cal deberá conter obrigatoriamente o seguinte:

- Departamento que o solicita.
- Data de pedido.
- Descrición dos materiais.
- Cantidade. Prezo Unitario e total.
- Sinatura do traballadora que o solicita e do concelleiro que o autoriza.

No caso que falta por cubrir algún campo dos referidos anteriormente a empresa subministradora deberá absterse de tramitar o correspondente pedido.

2.- As empresas subministradoras, unha vez presentado dito documento, documentaran o pedido co correspondente albarán ou nota de entrega, sendo entregado unha copia do mesmo (de cor amarelo) o traballador ou concelleiro responsable.

3.- As facturas emitiranse por duplicado exemplar que será remitida ó Concello, indicando nela a domiciliación do aboamento en entidade bancaria ou Caixas de Aforro que será o mecanismo normal de aboamento. Será requisito indispensable para a tramitación da factura por parte dos servicios económicos do Concello, a presentación do correspondente albarán así como unha copia da orde de encargo debidamente asinada tanto polo traballador como concelleiro responsable (de cor rosa ou branca).

Non se aceptarán a remisión de recibos por parte das empresas as contas municipais. No caso da súa remisión, por parte dos servicios económicos do Concello procederase a súa inmediata devolución.

4.- Todas as adquisicións que se realicen sen suxeitarse o procedemento establecido non serán aboadas.

6.- O ámbito destas instrucións comprende todo tipo de materiais, incluído o material de oficina preciso para o funcionamento normal dos servicios”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO